

PREGUNTA DE AER SOBRE AS OBRAS NA ZONA DO ESPÍRITU SANTO E ESFARRAPADA

PLENO 02 SETEMBRO 2015. ACTA 16/2015

Tendo en conta as numerosas demandas da veciñanza con respecto a estas obras.

Tendo en conta as peticións por rexistro feitas por AER sobre estas obras con data do 10 e 14 de agosto que a día de hoxe aínda non teñen resposta. Entre as que destacamos:

- Informe dos técnicos do Concello sobre si a separación de augas pluviais e fecais se fixo correctamente, xa que nos chegaron queixas de que non se fixo totalmente.
- Informe de seguimento das obras dos técnicos do Concello e se as mesmas se axustan ao proxecto construtivo.
- Solicitud por parte de AER para que as obras non se recepcionen mentres non se solucionen as eivas detectadas nestas obras e as reclamacións feitas pola veciñanza.

Consultado o proxecto, comprobamos que a pendente das rúas é dun 2% cara o centro das mesmas, dirixindo así as augas pluviais ás canalizacións destas augas que deberían executarse nesas zona central da rúa, evitando así que se dirixan a garaxes e vivendas.

Comprobando *in situ* as numerosas deficiencias detectadas pola veciñanza, como que a pendente das rúas non cumpre co estipulado no proxecto, xa que na maioría das rúas afectadas polas obras esta pendente non vai cara o centro.

Preguntamos: vai reclamar o equipo de goberno á empresa construtora a solución destes problemas e incumprimentos con respecto ao proxecto ou vai recepcionar as obras poñendo por diante os intereses da empresa aos intereses do Concello e da veciñanza?

O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que deu traslado das peticións dos veciños e foron satisfactoriamente solventadas a maioría. O Goberno Local apoia o interese Xeral.